Teatro dos Ghazafelhos

HISTORIAS PARA ESCAGHARRIÑARSE

Tres cíngaros percorren o mundo co seu carromato contando vellas historias da cultura popular que removerán pesadelos nos incautos oíntes.

Coincidindo co seu 20 aniversario, Teatro Ghazafelhos recupera un dos seus primeiros espectáculos de rúa. Co seu característico humor repasarán historias como as de A Cabra Montesina, As Lavandeiras, a Santa Compaña... A participación do público será imprescindible para poder representar estas historias para escagarriñarse. Un espectáculo cómico de rúa para todos os públicos.

Ghazafelhos poñen a proba os esfínteres familiares con esta proposta. Non, non é nada escatolóxico, representarán tres historias de terror, misterio e locura coas que os nosos pais, nais, avós, avoas, etc... nos torturaron docentemente durante a nosa infancia.

Unha enrevesada historia que convida ó público a sentirse partícipe da risa colectiva...

Somos unha compañía nada na comarca de Ferrolterra no ano 2005 e creada por Montse Piñón e Pepablo Patinho.

Centrándose no traballo de títeres, animación e teatro actoral especialízanse na realización de obras teatrais para público familiar. Na su andaina como compañía realizan contacontos, mímica, títeres,...e talleres de teatro para grupos infantís e de adultos. Adoptando ideas como as de Michael Ende en Momo de "escoitar aos demais..."ou Antoine Saint Exupéry, "O esencial é invisible aos ollos...."e intentando contar historias sinxelas e profundas como Charles Chaplin,

Ghazafelhos soña con evocar nas súas historias ás grandes xenialidades que entenderon o mais efímero da vida: a infancia

Historias para escagharriñarse

É unha obra para todos os públicos adaptada para interior e rúa.

Fondo:4m
Son: 1000W (por conta da compañía)
Iluminación: 1500V
Duración: 50m.
Montaxe: 1,5h
Desmontaxe:1h
Público Familiar

Ficha Artística:

Idea Orixinal: Ghazafelhos
Texto e dirección: Pepablo Patinho
Vestiario: Montse Piñón
Efectos Sonoros e musicais: Jorge Casas
Escenografía e atrezzos: Ghazafelhos
Deseño de Luz: Ana Diaz
Elenco: Montse Piñón, Jorge Casas, Pepablo Patinho

Ficha técnica:

Ancho: 7m
Alto: 3m

Contratación

URDIME: www.urdime.net | comunicacion@urdime.net | T. +34 981937424 | T. +34 619920335